CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVI - Nº 181. Marzo 2021. Distribución gratuíta

Asetem celebrou con éxito a campaña de grandes descontos nos comercios

A Asociación de Empresarios da Terra de Melide celebrou, o último fin de semana de febreiro, a campaña de grandes descontos que substituíu a tradicional feira de oportunidades, Mercamelide, por mor da situación sanitaria actual.

Nesta iniciativa participaron vinte establecementos melidenses, aplicando descontos de ata o 50%, unha boa oportunidade para que a veciñanza tanto de Melide como de concellos limítrofes fixeran as súas compras no comercio local asociado. P3

Melide celebra o día da muller cunha diversa programación

O Concello de Melide organiza unha programación especial de actividades para conmemorar o día da muller, ao longo de todo o mes de marzo. P13

As gañadoras de San Valentín xa recolleron os seus premios

Lidia Varela e Concha Casares son as gañadoras da campaña de San Valentín que lanzou ASETEM – CCA a través das redes sociais. P6

EMPRESA
Electrosan cumpre dez anos dando a mellor relación calidade prezo en todos os produtos P11

COMARCA
Santiso lanza 'Quen medra máis', unha actividade para o alumnado da escola P17

LECER
O equipo de Melide gaña a final de 'Come a Comarca. As Batallas' P20

ENTREVISTA

Diana Feijóo, Salacadula Shop P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O traballo na casa ten nome de muller

O traballo doméstico é un dos eidos onde máis se reflexa a desigualdade entre homes e mulleres. Elas, dedican ás tarefas da casa máis do dobre de horas que eles e fano, na maioría dos casos, logo de traballar fóra dela. Dende hai centos de anos, o traballo do fogar oiamos dicir que era "cousa de mulleres". Co paso do tempo a mentalidade das persoas foi mudando e os homes empezaron a ocuparse, aínda nunha porcentaxe moi pequena, dalgunha das tarefas domésticas. Non obstante, non avanzamos o suficiente, mentres sigamos dando por suposto que é ela e non el a que ten que poñer a lavadora, fregar a louza e coidar dos fillos e fillas, non conseguiremos unha sociedade xusta nin igualitaria.

A única maneira de mudar estes comportamentos é a educación. A aprendizaxe e o exemplo dende moi cativos e cativas por parte dos pais e nais e tamén na escola. Se os proxenitores lle seguen dando unha educación diferente aos seus descendentes, dependendo do seu sexo a historia vai por mal camiño. Por exemplo, non podemos ensinarlle a poñer a mesa, a cociñar e a pasar o ferro a nosa filla e, pola contra, ao fillo poñerlle nós a mesa, facerlle a comida e pasarlle o ferro a súa roupa. A finalidade da educación que os pais e nais lles dan aos seus fillos e fillas é para que o día de mañá sexan persoas independentes e libres, independentemente de son macho ou femia.

É certo que as mulleres nos autoesiximos demasiado, que ao longo dos anos nos fixeron submisas, que a historia nos ocultou e relegou a un terceiro plano e que cambiar iso non é doado, pero temos que facelo se queremos acadar a igualdade plena entre persoas, sen mirar nada máis. Necesitamos que as novas xeracións sexan feministas de forma activa e consciente.
Cambiar as nosas costumes e a nosa historia non é tarefa sinxela pero precisamos facelo con urxencia, sen perder un só segundo. Para conseguilo necesitamos mudar pensamentos e accións do día a día, os moitas veces chamados micromachismos. Deixemos de crer que é a muller a que se ten que encargar dos coidados, dos máis pequenos e tamén dos maiores, do traballo no fogar, de facer a compra, de axudar cos deberes e de estar sempre para todo porque as mulleres tamén precisan coidar delas mesmas. Deixemos de regalar un xoguete ou outro dependendo de se é nena ou neno, de tratalos de maneira diferente, porque eles tamén poden e deben chorar.

Por todas estas razóns, o 8 de marzo non só debe ser un día máis no calendario e é máis necesario ca nunca porque a igualdade é unha carreira de fondo na que nos atopamos múltiples obstáculos que esquivar para chegar a tan ansiada meta, o momento no que homes e mulleres sexamos persoas cos mesmos dereitos e deberes en todos os recunchos do mundo. Non podemos dar un paso atrás, nin para coller impulso. Que chegue o día no que non teñamos que ser pioneiras nin valentes, que simplemente sexamos libres.

Tribuna de opinión

Non coidamos do entorno

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Nos últimos días, fomos testemuñas de distintos comportamentos incívicos e irresponsables contra o medio ambiente en Melide. No Facebook do Concello melidense amosaban diferentes puntos de vertido ilegais nos que a veciñanza depositou dende lavadoras e plásticos agrícolas ata mesmo animais mortos.

Estas imaxes demostran o pouco concienciada que está, unha parte, da poboación coa loita contra o cambio climático. Porén, estes comportamentos, aínda que en menor grao, tamén os atopamos no noso día a día pola rúa. Uns exemplos disto son a gran cantidade de máscaras que nos atopamos tiradas polo chan, os múltiples cigarros que pisamos nas beirarrúas, ou cada vez que vemos sacudir as alfombras ou manteis polas ventás das casas.

Está demostrado que falta moito por facer para conseguir educar á veciñanza no coidado do noso entorno, pero tamén é moi necesario que as administracións poñan todas as facilidades posibles á disposición da poboación, para que non haxa nin unha soa escusa para non coidar do medio ambiente. Os gobernos deben ser máis esixentes e ríxidos para sancionar este tipo de comportamentos e que non volvan acontecer. Non debemos esquecer que o planeta Terra é o noso fogar, o lugar onde lle damos forma á vida. Se alguén viñera a nosa casa e tirara no chan unha máscara e non a recollera, gustaríanos que quedara alí sen que nadie fixera nada?

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Vanesa de Quinzán,
Ana Mato, Cristina Fernández, Eva Novás e IES de Melide
AGRADECEMENTOS: Pilar López,
Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....18
- CULTURA E LECER 20
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

Asetem-CCA celebrou a campaña de grandes descontos

Sueños e M&M Moda sacan á rúa a roupa para darlle máis visibilidade aos seus artigos

A entrada de Romero Zapaterías durante a campaña con grandes rebaixas

Unha veciña de Melide olleando a roupa con descontos de ata un 50% en Modas Dándolo

Calzados Broz e Muxica Tenda Xoven con todo preparado para este Mercamelide

A Asociación de Empresarios da Terra de Melide celebrou, o último fin de semana de febreiro, a campaña de grandes descontos que substituíu a tradicional feira de oportunidades, Mercamelide, por mor da situación sanitaria actual.

Nesta iniciativa participaron vinte establecementos melidenses, aplicando descontos de ata o 50%, unha boa oportunidade para que a veciñanza tanto de Melide como de concellos limítrofes fixeran as súas compras no comercio local.

Dende os negocios participantes valoraron positivamente este Mercamelide diferente, xa que lles permitiu sacar prendas e artigos que tiñan en stock. No que respecta ás vendas Pilar López, xerente de ASETEM, manifesta que "o venres e o domingo foron bos" porque a xente foise animando a acudir a estas tendas. Ademais, López fai fincapé na importancia de celebrar a campaña durante ese fin de semana, xa que foi o primeiro coas novas restricións o que permitiu que se achegaran veciños de concellos como Santiso, Sobrado ou Curtis" e no que reabriu o mercado téxtil e calzado da vila. Polo tanto, a xerente da asociación de empresarios valora que "era o momento idóneo para facelo".

Con respecto á apertura tradicional dos domingo, de suma importancia para o tecido empresarial. Pilar López tamén resalta que logo dun "comezo de ano moi duro para o comercio da vila" debemos intentar que "en nada, os domingos volvan ser os de antes", xa que, habitalmente, son un bo día de vendas para os establecementos melidenses e "débense potenciar dende o comercio e o Concello.

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL
CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

MERCEDES VÁZQUEZ GARCÍA

Pescados e Mariscos Manolo *(Rosaleda, 10 - Melide) - Tfn.: 981 50 73 97*

“A conciliación do traballo co meu segundo fillo non foi nada fácil, xa non tiña a miña nai para axudarme e recordo como un período de moitísima tensión”

MercedesVázquez, de Pescados e Mariscos Manolo, o día da entrevista.

- Que te levou a traballar na peixaría?

- Mercedes Vázquez (M.V): Eu traballei dende moi noviña, terías uns 17 anos. Empecei nunha cafetería, logo comecei a ir a varias casas de empregada de atención a domicilio e incluso coidei de dous nenos. Porén, chegou o día no que un coñecido me contou que Manolo, o dono da peixaría, buscaba xente para traballar alí. Eu intereseime polo traballo e contratoume. Comecei a aprender as tarefas que tiña que realizar e pouco a pouco funme afacendo a este novo emprego. O 15 de febreiro fixo 24 anos dende que empecei na peixaría. Ao principio, compaxinaba este traballo e o coidado dos nenos pero, despois dun tempo, decidín dedicarme unicamente ao peixe. E o que empezou como un traballo logo tamén me trouxo o amor, neste caso con Manolo, xa que os dous estabamos separados e co tempo empezou a xurdir algo máis.

- Cóntanos como é o teu día a día de traballo?

- (M.V): A miña xornada laboral empeza a iso das seis da tarde que imos á lonxa a Ribeira. Alí, segundo van chegando o barcos imos puxando polo peixe. Teño que aclarar que imos a Ribeira sempre pola mercancía porque compramos o peixe inmediatamente ao chegar do mar, polo que máis fresco non o podemos traer. E soemos chegar a casa entre á unha da mañá. Cando é o tempo da sardiña, como agora, sempre acabamos máis tarde. Nós preferimos este método porque así traermos o peixe aínda vivo e preparámolo nós a nosa maneira. Despois, ás sete e media da mañá, hai que estar en pé para ir á peixaría e preparar todo para cando empeza a chegar a clientela polo produto.

- Como é a tarefa de ir á lonxa?

- (M.V): O traballo na lonxa é de moito estrés, especialmente, cando tes cinco ou seis persoas que poxan ao mesmo tempo. Unha vez que tes practica é mais fácil, pero ao principio tes moita tensión porque precisas estar a moitas cousas á vez para non quedar sen o peixe dunha poxa que che interesa. O truco é estar moi áxil, máis que nada, ás horas puntas e cando hai pouco peixe, porque todos o queremos levar e para todos non chega.

- Antes, o mundo da lonxa soia dicirse que era “un traballo de homes”, actualmente hai máis mulleres facendo esa tarefa?

- (M.V): Moitas, a día de hoxe as peixeiras son practicamente todas mulleres. O que son case todo homes son os que venden ao por maior. Eu dende que empecei a ir á lonxa sempre vin bastantes mulleres, pódese dicir que o 80% das persoas que teñen peixerías nas vilas galegas son mulleres.

- Que é o que máis che gusta do teu emprego?

- (M.V): Pois o que máis me gustou sempre foi a atención ao público, xa desde pequena me gustaba moito ver á xente despachando nas tendas. O trato coas persoas cando veñen a peixaría é o que máis me gusta sen lugar a dúbida. Outra cousa que tampouco me desagrada nada é limpar e preparar o peixe. É un traballo complicado pero que desde o principio se me deu ben e o fago con ganas. Cando estou na peixaría as horas pásanse moi rápido, máis que se tivera unha profesión de estar sentada nunha oficina sen ver nin falar con ninguén.

- Como foi a conciliación familiar dende que estás vendendo peixe?

- (M.V): Teño dous fillos. O maior tiña 8 ou 9 aniños cando empecei na peixería, e como xa era grandiño non tiven ningún problema para conciliar con el, porque miña nai aínda vivía e tamén me axudaba. O peor foi co meu fillo pequeno, leveino con máis tensión, xa que non tiña a miña nai que me axudara e tiven que contratar a unha persoa para que me quedara con el e levalo tamén á escola infantil. Logo, cando foi un pouco máis grande xa o traia comigo á peixería para poder estar máis tempo con el. Intentaba organizarme o mellor posible pero entre o cativo, a tenda e as cousas da casa, non é nada fácil repartir o tempo.

A Asociación de xerentes celebra o primeiro Congreso Galego de CCA e CCU en marzo

Cartel da presentación das actividades. /Foto: Asociación de xerentes de CCA

Os días 10 e 11 de marzo celébrase o I Congreso Galego de Centros Comerciais Abertos (CCA) e Zonas Comerciais Urbanas (CCU) arredor da dinamización comercial ante a nova normalidade.

Nas poñencias e mesas redondas desta iniciativa van poder participar todos os xerentes da Asociación Galega de Xerencia de Centros Comerciais Abertos e Zonas Comerciais Urbanas, entre as que está a xerente de Asetem, Pilar López.

Dada a actual situación epidemeolóxica o congreso poderase seguir vía telámatica a través da plataforma dixital Zoom. A programación contará con diversos temas como: vender a distancia, utilizando as redes sociais; ecommerce marketplace para o pequeno comercio; campañas de éxito na dinamización dos últimos anos; adaptación urbana para fortalecer o comercio; e, por último, estratexia pública para a reactivación do consumo nos negocios proximidade, hostalería e servizos.

O obxectivo destas actividades é que os e as xerentes dos diferentes CCAs teñan formación e ferramentas para saber como afrontar o tempo que virá despois da pandemia, xa que estamos nun momento de cambio é incerteza constante, no que os hábitos de consumo mudaron drasticamente, facendo acelerar de maneira exponencial procesos como o da dixitalización das compras. Por todos estes motivos é máis necesario que nunca que os xerentes destas asociacións compartan experiencias e consellos para conseguir promover o comercio nesas zonas.

SABER DE LEI

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Axudas para a muller emprendedora

Posiblemente o nome de Caterina Llull i Sabastida non nos soe a nada, pero é considerada unha das primeiras mulleres emprendedoras da nosa historia, e remontase ao século XV, dedicouse á xestión de importantes relacións comerciais no Mediterráneo, principalmente entre Barcelona e Sicilia,aínda que seguramente antes ca ela e séculos atrás houbese moitas outras.

O informe Mundial GEM, asegura que tan só seis países do mundo presentan taxas de emprendemento semellante entre homes e mulleres. España encabeza a paridade no entorno europeo, con 9 mulleres emprendedoras por cada 10 homes, unha cifra que supera a media de Europa. Na actualidade as mulleres representan un 35,7% dos traballadores autónomos en España. Na gran maioría das ocasións o problema para emprender é a financiación. Por iso cada ano apróbanse axudas para mulleres emprendedoras. Este ano temos as seguintes:

- PAEM (Programa de Apoio Empresarial ás Mulleres); é unha axuda liderada pola Cámara de Comercio de España que ten como finalidade a promoción e o apoio á actividade empresarial das mulleres. Financian con microcrédictos de ata 25.000 euros sen avales e con boas condicións.
- Programa de desafío Muller Rural; axudas destinadas a emprender no entorno rural, coa intención de promover o autoemprego e a creación de empresas foras das áreas urbanas. Dan a opción de participar en talleres en liña e ideas innovadoras vinculadas coa tecnoloxía e a comercialización.
- Proxecto Innovatia 8.3; é un proxecto que naceu no ano 2011 grazas a Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto da Muller e busca incentivar a capacidade empresarial das mulleres nos sectores científico e tecnolóxico coa finalidade de eliminar a brecha de xénero que existe nestes campos. A través dun programa chamado Amadrinanet dáse un servizo de asesoramento e apoio a novas mulleres emprendedoras, por parte de outras mulleres de recoñecida traxectoria profesional en distintas áreas.

Hai bonificacións tamén para as mulleres autónomas ou que van emprender un negocio como autónomas. Para mulleres menores de 35 anos que se dean de alta inicialmente no RETA ou se fai máis de dous anos que non estivo dado de alta, terá dereito a unha bonificiación do 30% sobre a cota por continxencias comúns, incluída a incapacidade temporal durante os 12 meses seguintes á finalización do período de bonificación previsto con carácter xeral. A duración máxima para esta bonificación será de 36 meses.

No caso de haber sido nai tanto biolóxica como adoptiva ou ter algún risco durante a lactancia natural pode desfrutar do 100% da bonificación da cota que resulte a aplicación sobre a base media que tivo nos 12 meses anteriores a data na que comezase a baixa correspondente. Cada comunidade autónoma conta con axudas propias, no caso de Galicia, a rede Emprega da voz a mulleres emprendedoras e incrementa as súas oportunidades laborais e impulsa o emprendemento feminino. A Xunta prevé reforzar en 2021 estas axudas ata chegar o máis de 3,6 millóns de euros para seguir creando novas oportunidades de negocio no ámbito da innovación e o medio rural. Emega inclúe catro liñas de actuación para apoiar a aquelas mulleres emprendedoras que desexen materializar as súas ideas empresariais, contribuíndo a creación de novos postos de traballo femininos. Emprende; destinada á posta en marcha de novas empresas, Inonova; destinada a promoción de melloras en empresas lideradas por mulleres, Activa; busca a reactivación e consolidación de proxectos empresariais. ITEF; que se centra na posta en marcha de iniciativas empresariais de base tecnolóxicas. Ademais o programa ofrece dúas modalidades de axudas complementarias; Concilia e dual. Se todas estas axudas son fundamentais para o desenvolvemento do emprendemento feminino, non deben ser suficientes.

POR SER DE XUSTIZA

Eva Novás
Avogada

A Lei Orgánica de Garantía Integral da Liberdade Sexual

A Lei Orgánica de Garantía Integral da Liberdade Sexual, tamén coñecida como a lei "solo si é si" e que a día de hoxe se está a tramitar, non está exenta de polémica polos cambios lexislativos que vai introducir.

Está destinada, segundo di o seu texto, á protección integral do dereito á liberdade sexual mediante a prevención e a erradicación de tódalas violencias sexuais, unicamente contra as mulleres, nenas e nenos, en tanto que son as vítimas fundamentais da violencia sexual, con independencia da súa nacionalidade e da situación administrativa de residencia que teña. Entende como violencia sexual calquera acto de natureza sexual non consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito, incluíndo o dixital, o que comprende a difusión de actos de violencia sexual a través de medios tecnolóxicos, a pornografía non consentida e a extorsión sexual. Fai expresa referencia á mutilación xenital e ó matrimonio forzado, así como a todo aquel que se lucre da prostitución allea, aínda que sexa consentida.

Introduce cambios importantes en figuras delitivas que xa contempla o Código Penal. No caso do acoso ou "stalking", a día de hoxe castígase cando é reiterado ou afecta á vida diaria da vítima. A lei propón modificalo, castigando calquera tipo de acoso, con independencia da súa intensidade, non só aquel que afecte de forma grave á vida cotián da vítima. Tamén pretende castigarse a través da nova lei o acoso na rúa. Isto non está exento de polémica en tanto que se di que o "piropo" pasaría a ser delito. Castigaríase con pena de multa de seis meses ata dous anos a aqueles que se dirixan a outra persoa con expresións, comportamentos ou proposicións sexuais ou sexistas que causen á vítima unha situación que sexa humillante, hostil ou intimidatoria. A lei introduciría tamén un cambio fundamental na consideración e na pena dos delitos de abuso e de agresión sexual. En ningún dos casos existe consentimento da vítima se ben se diferencian en que no caso da agresión sexual existe violencia e intimidación. Prevese unha agravación das penas en circunstancias como a comisión dos feitos por dúas ou máis persoas (por exemplo, caso da Manada), cando o agresor utilice unha relación de superioridade ou familiar, se empreguen armas ou se anule a vontade da vítima subministrándolle fármacos, drogas ou calquera sustancia para este fin.

A diferencia entre abuso e agresión sería eliminado ó pasar a considerarse agresión calquera acto que atente contra a liberdade sexual de outra persoa sen o seu consentimento. E entenderíase que non existe consentimento cando a vítima non manifestase libremente por actos exteriores, concluíntes e inequívocos, segundo as circunstancias, a súa vontade expresa de participar no acto sexual. De aquí, a proclama do "solo o si é si", polo que se coñece a este proxecto de lei. Sempre que non existise consentimento expreso e inequívoco o acto podería ter a consideración de agresión sexual. Sempre terían a consideración de agresión os actos realizados sobre persoas que se atopen privadas de sentido, se abusase da súa situación mental ou se realicen cando a vítima teña anulada a súa vontade. Pensemos nos últimos casos que saltaron ós medios de comunicación, nos que a vítima se atopaba baixo o efecto do alcohol ou das drogas, e non puido consentir as relacións ou incluso non era consciente do que estaba acontecendo, de forma que ós autores non lles foi necesario forzalas empregando a violencia.

A lei incide na educación social e na protección dos menores. Ten como principio o de acompañamento e reparación integral dos danos causados ás vítimas, físicos, psicolóxicos e sociais. Para iso prevé un sistema amplo de dereitos, axudas públicas e de garantías. Por exemplo, as axudas económicas serán as mesmas que están previstas para as vítimas de violencia de xénero. Como forma de ampliar a acción protectora da lei, non se terán en conta as circunstancias administrativas e de residencia das vítimas, o que non está exento de polémica en tanto ás consecuencias do mal uso ou uso fraudulento destas garantías: No caso das mulleres estranxeiras, se ó denunciar una situación de violencia sexual estivese en situación irregular, non se iniciará o expediente sancionador ou suspenderase se xa estivese iniciado antes da denuncia, incluídas as ordes de expulsión ou devolución que estivesen acordadas.

PATRICIA REGUEIRO E PABLO FUCIÑOS
***Hidroeléctrica Lumymey** (Alexandre Bóveda, 9 - Melide)*

"As novas tarifas horarias da luz buscan novos hábitos de gasto no consumidor"



Novos horaios das tarifas da luz. /Foto: Hidroélectrica Lumymey

- Cal é o motivo do cambio das tarifas da luz, promovidas polo Goberno?

- Pablo Fuciños (P.F): O motivo deste cambio por parte do Goberno é porque España comprometeuse a un proceso de descarbonización, e no que toca á electrificación estamos quitando unha fonte de enerxía fósil. Deste xeito, a estrutura de consumo non sería capaz de aguantalo todo por iso fan unha tarifas nas que soe haber menos actividade e premian a aqueles consumidores que se adapten a elas. Logo, tamén está o coche eléctrico, unha realidade que ata o momento non tiñamos, e necesita moita potencia e enerxía para cargarse.

- En que momento se farán efectivas?

- Patricia Regueiro (P.R): As novas tarifas, impostas polo Goberno Estatal, entrarán en vigor o vindeiro 1 de xuño, porén estaba previsto que entraran o 1 de abril. O motivo polo que aprazaron é que a CMNC ten que publicar a orde de peaxes, que é unha da factura dos impostos regulados, e a orde de cargos ten que presentala o Ministerio e como non lles deu tempo de facer esas esixencias non se pode executar.

- É habitual que se faga este tipo de modificacións?

- (P.F): Non é que estes cambios se fagan moi a miúdo, si é habitual que o Goberno obrigue a modificar algunha estrutura como, por exemplo, os prezos. Pero isto non só vai modificar os costes (cargos e peaxes), senón que tamén vai modificar a estrutura na procura de simplificala. Polo tanto, o consumidor non vai ter a mesma tarifa ca antes, cambian os horarios. Ata agora, había xente que non tiña horarios e, a partir de xuño, vai ter tres e os que previamente estaban nun horario discriminatorio (a coñecida como tarifa nocturna) tamén pasa a ter tres e non se pode escoller, van ser os mesmos para todos e todas.

- Cal é o obxectivo destas tarifas e como van ser?

- (P.R): O obxectivo é que os consumidores se consigan adaptar a estes horarios nos que o Goberno pon a tarifa máis económica.

- En que consiste concretamente esta nova estrutura tarifaria?

- (P.R): É preciso facer moito fincapén en que estes modelos de tarifas afectan a todos os consumidores, sexan da compañía que sexan e independentemente de onde vivan, sempre que sexa en territorio español.

A partir do 1 de xuño haberá tres franxas horarias nas que o prezo da enerxía vai variar:

- Horario máis económico: de luns a venres, dende a media noite ata as oito; os fins de semana e festivos nacionais.
- Horario intermedio: luns a venres, de oito da mañá a dez, dúas da tarde ata seis, e de dez da noite a doce.
- Horario máis caro: o resto.

É importante dicir que os prezos aínda non se saben, esperamos a entre abril e maio coñezamos os costes que vai fixar o Goberno, para así poder facer un modelo axeitado.

Logo, tamén haberá modificacións na potencia (o comunmente chamado o mínimo da factura da luz): dende que entren en vigor estas modificacións poderase contratar dúas potencias diferentes, unha de luns a venres entre as doce e as oito da mañá así como o fin de semana e festivos nacionais todo o día. E outra diferente de oito da mañá a doce da noite. No caso de que o cliente non veña ás nosas oficinas para modificalas, e poñer dúas diferentes, por defecto poñeráselles unha soa.

- Beneficiaranos ou prexudicaranos aos consumidores?

- (P.F): Esta modificación haberá a xente que lle beneficie e lle permita baixar o prezo da factura e haberá a outra xente que lle sexa prexudicial e acabe pagando máis do que paga agora. Todo vai depender do consumidor, de como de ben se adapte a estes horarios que se nos presentan.

Hai que ter en conta que está moi pensado de cara á maior utilización dos coches eléctricos, xa que precisan de moita potencia e enerxía para cargarse, o que os beneficia o horario económico de noite.

- Que podemos facer para abaratar a factura a partir do 1 de xuño?

- (P. R): Intentar comprar electrodomésticos programables ou reloxos programadores para abaratar o recibo. Os consumidores que teñan, actualmente, acumuladores ou termos eléctricos con reloxo ten que facer unha reforma para programalos ao novo horario económico.

Ante calquera dúbida os clientes de Luminey poden pasarse polas oficinas en Alexandre Bóveda, 9, Melide. No momento no que se coñezan os prezos poderán facer asesoramento personalizado para que a factura da luz sexa o máis económica posible. Tamén é importante que os consumidores con máis de 15kW pasen por onda nós.

Aberto o prazo para solicitar o II Plan de Rescate da hostalería

Terraza da cafetería Estilo. / Foto de arquivo

Ata o vindeiro 18 de marzo está aberto o prazo para solicitar o segundo Plan de Rescate dirixido a autónomos e microempresas que por mor da pandemia tiveron que pechar, especialmente pensado para os establecementos de hostalería e restauración.

O presuposto desta liña xenérica de axudas é de 75 millóns de euros, dos cales 60 corresponden a esta convocatoria e 15 deles destinada á hostalería e outros negocios cerrados como ximnasios.

Todas as subvencións deste plan de rescate son complementarias e acumulables ata un máximo de 15.700 euros por establecemento.

Ademais, son compatibles cos importes recibidos no primeiro plan de rescate. Deste xeito, unha empresa ou microempresa que se beneficie de ambos programas poderá percibir en catro meses de axudas que van dun mínimo de 3.400 euros ata un máximo de 24.200.

Para que os negocios poidan acceder ás axudas deberán acreditar baixadas de facturación en 2020 de, polo menos, o 45% fronte aos datos do ano 2019.

Para o colectivo dos autónomos establécese unha escala que vai dende os 1.200 aos 3.000 euros de subvención directa. As contías serán máis altas para os empresarios e empresarias que teñan unha caída de facturación maior. Establécese un abano de entre 1.200 euros para baixadas de entre o 45% e o 60%; 2.000 no eido entre o 60% e o 70% de caída e de 3.000 euros con máis do 70%.

A maiores, para microempresas e autónomos con persoal a cargo, os apoios irán dende os 4.000 aos 9.000 euros. Neste caso tamén se adaptan as contías en función das perdas: 4.000 euros, do 45% ao 60%; 5.000, entre o 60% e o 70%; e por último, 6.000 euros para as caídas de máis do 70%.

Como novidade, o goberno autonómico, permite acceder ás axudas a empresas que teñan pequenas débedas.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**







As nosas socias 9














10 ANOS VENDENDO EN MELIDE

MANUEL SÁNCHEZ E MARY LÓPEZ

Electrosan *(Rúa Martagona, 13 - Melide) - Tfn.: 981 50 79 64*

“O máis importante para permanecer cun negocio durante dez anos é darlle á clientela a mellor relación calidade - prezo e traballar moito”

Mary e Manuel no seu establcemento, Electrosan, na zona dedicada ao descanso.

Con motivo do décimo aniversario achegámonos a Electrosan para falar cos seus responsables, Mary e Manuel.

- Como se aguanta unha tenda durante unha década?

- Manuel Sánchez (M.S): É complicado, con moito esforzo e traballando día e noite. Tratando tamén que a nosa clientela consiga o mellor produto ao mellor prezo e ser profesionais con eles, sabendo adaptar as necesidades que eles nos traen á tenda para resolvelas co artigo que máis se axeite a elas. **Mary López (M. L):** Eu diría que a relación calidade – prezo é o máis importante.

- Que é o máis complicado de levar un negocio coma este?

- (M.S): O máis difícil é estar sempre á última, saber que é o máis novidoso que sacan as marcas e conseguir explicárllelo aos clientes. Isto é moi importante, tanto no eido dos electrodomésticos como no do descanso, porque hai continuamente avances neles. Ademais, isto requírenos moito tempo de investigación e formación, xa que temos que aprender moi ben nós primeiro o que imos vender e as vantaxes que ten o produto. Outra cousa que tamén é complicada, sobre todo, ao principio é que che veña a xente á tenda e a maneira de facelo é poñer un bo prezo. Nós temos a maior oferta que podemos para que o cliente se anime a vir. **(M. L):** Ter en exposición todo o que podemos ofrecer, porque non temos sitio, sería moi complexo facelo. Na área de descanso é fundamental que a xente poida probar o que vai comprar, ben sexa un sofá ou un colchón.

- Como é a conciliación?

- (M.L): A conciliación tendo familia numerosa é moi difícil porque hai moitos horarios distintos que cumprir, para facelo o mellor posible o imprescindible é ter unha boa organización como toda muller traballadora.

- Que diriades que cambiou na tenda ao longo destes anos?

- (M.S): Toda a idea da tenda empezou porque eu tiña un baixo no que fun metendo electrodomésticos con algunha tara estética, ou incluso de segunda man, vendíaos por internet e cando me chamaban ía alí e ensinábaos. Pouco a pouco a cousa foi medrando e ese non era o sitio axeitado para expoñer os produtos polo que decidimos poñernos neste baixo, no que estamos agora. Empezamos empregando sobre 70 metros cadrados, o resto todo como almacén e só con electrodomésticos. Ao cabo dun ano ampliamos o espazo da tenda outro pouco máis e expuxemos mobles xunto con algo de produtos de descanso ata que grazas á boísima acollida da xente nos decidimos a poñer todo o local como tenda. A día de hoxe, o establecemento está dividido en dúas zonas: a de electrodomésticos e a de descanso. **(M.L):** Ademais, tomamos a decisión de vender os mobles por catálogo, xa que é máis práctico que telos en exposición. Isto permítenos ter máis sitio para a zona de relax onde temos artigos que os clientes si necesitan probar antes de mercalos e incluso, en sofás facelos á medida. E no caso dos electrodomésticos levamoslles o novo e recollemos o vello.

- Como ves o futuro do comercio?

- (M.S): Pois espero que sexa bo, porque teño moita esperanza en que a xente se quede coa costume de mercar nos pequenos establecementos da vila e os potencie. En Electrosan queremos agradecerlle aos nosos clientes a confianza depositada en nós ao longo destes dez anos de traballo.

As gañadoras do San Valentín de ASETEM reciben un vale para consumir na localidade

Francisco Lugrís, recolle o premio en nome de Concha Casares, da man de Pilar López.

Pilar López entrégalle o premio a Lidia Varela.

Lidia Varela e Concha Casares son as gañadoras da campaña de San Valentín que lanzou ASETEM – CCA a través das redes sociais.

As dúas vencedoras conseguiron un vale de 100 euros para gastar na hostalería asociada a ASETEM que son: Bodega Curros, Casa Alongos, Hotel Carlos 96, Jacarandá, Pazo de Eidián, Parrillada Rúa, Parrillada O Carburo, Parrillada Pilma, O Tobo do Lobo e Pulpería Ezequiel. As dúas su fotografías subidas ao Facebook co cancelo #NamorateEnMelide foron as que máis "gústame" acadaron, e dado que no Instagram non houbo participación, dende a asociación decidiuse darlle os dous premios as imaxes do Facebook.

Esta iniciativa arredor do día dos namorados tivo outro eixe moi importante: o escaparate virtual, no cal os comercios locais asociados tiveron a oportunidade de facer promoción dos seus produtos a través das redes.

Neste escaparate participaron establecementos como: Zafiro Tours Melide, Romero Zapaterías, Modas Dándolo, Perfumería Lyss, Mis Mejores Labores, Supermercado Gómez e Meixela Centro de Estética.

Un proxecto coa finalidade de impulsar e promover o comercio local da vila.

A Xunta crea un plan para a hostalería

A Xunta de Galcia creou un Plan para unha hostalería segura. O obxectivo desta iniciativa é que os establecementos hosteleiros conten cun escenario con garantías sanitarias de cara a súa clientela, por mor da pandemia da COVID - 19.

Este plan, que entrou en vigor este mes de marzo, conta con tres partes fundamentais: máxima seguridade no acceso, máximo seguimento de posibles brotes e rigoroso cumprimento das normas sanitarias establecidas.

Ademais, o goberno galego puxo en marcha un sistema de rexistro da entrada da clientela mediante un código QR. Este método ten como finalidade, nun rastrexo, localizar de maneira áxil e sinxela.

Os xerentes dos CCAs reclaman un Plan de Reactivación do comercio

Imaxe dunha reunión da Asociación Galega de Xerentes de Centro Comerciais Abertos. /Foto de arquivo

Dende a Asociación Galega de Xerentes de Centros Comerciais Abertos, da que forma parte a xerente de ASETEM – CCA, Pilar López, enviáronlle un comunicado ao director xeral de Comercio da Xunta de Galicia para manifestarlle "a nosa preocupación pola gravísima situación na que se atopa o comercio de proximidade galego" e, tamén aproveitaron para expresar o seu malestar con "proxectos que non foron consensuados con ningunha das entidades".

Dende a asociación trasladan a difícil situación que está pasando o comercio local: "cada día pechan novos establecementos e aqueles que non cerran sofren unha grande merma nos seus ingresos sen que se reduzan os gastos fixos".

Dadas as consecuencias que está a provocar a pandemia, os xerentes ven moi necesario manter "un encontro coa administración autonómica e que se nos escoite, co fin de debater e deseñar en conxunto un 'Plan de reactivación do comercio local' que sirva de alicerce para a recuperación".

É un momento decisivo para a supervivencia de moitas das pequenas empresas e debido a isto, moitas delas van depender de como se resolvan as axudas e investimentos para poder sobrevivir. Por este motivo, dende a Asociación Galega de Xerentes de Centro Comerciais Abertos fixéronlle chegar ao director xeral de Comercio catro propostas: a creación dun Plan de Rescate específico para o pequeno comercio e dun Plan Estratéxico de Desenvolvemento do comercio local, a posta en marcha do Observatorio do Comercio Galego e, por último, a organización dun programa de incentivo do consumo comercial, hostaleiro e turístico a través de bonos ás compras nestes establecementos.

No tocante ao Plan de Rescate específico para o pequeno comercio, o seu obxectivo é axudar a manter os empregos e a vida nas vilas e cidades galegas. "O comercio local sempre se caracterizou pola proximidade e a integración na vida social dos nosos municipios", explican dende a asociación de xerentes.

Dende os CCAs queren "contar con apoio para poder competir cunhas condicións mínimas de igualdade tecnolóxica", a través do Plan Estratéxico de Desenvolvemento.

Neste comunicado, enviado á Xunta de Galicia, participaron trinta e un centros comerciais abertos: Arteixo, Arzúa, Boiro, Carballo, Compostela Monumental, Fene, Ferrol, Narón, Noia, Melide, Rianxo, Ribeira, Santiago Centro, Monforte, Viveiro, Baiona, Bueu, Caldas, Cambados, Cangas, A Estrada, Estrela de Marín, Fecimo, Moaña, Praza de Abastos Marín, Sanxenxo, Tomiño, Vilagarcía de Arousa, Zona Monumental de Pontevedra, Ourense Centro e Ribeiro.

O clico de madeira do IES crea un glosario dixital de termos relacionados co sector en linguaxe de signos

No cliclo de madeira do IES de Melide crearon un glosario dixital de termos relacionados co sector en linguaxe de signos. Esta iniciativa naceu da sensibilidade do profesorado desta formación cun alumno de segundo curso con xordeira. Os mestres de madeira insisten na profunda necesidade que tiñan de "ter esa pequena independencia para comunicarnos con el, xa que as horas de taller son moitas".

A idea botouse a andar o ano pasado coa finalidade de crear material didáctico en galego e para a inclusión do alumnado con diversidade funcional, dentro dun programa da Consellería de Educación para o profesorado de Formación Profesional.



Un exemplo dunha palabra do glosario dixital que podemos atopar na páxina web iesmelide-madera.com.

Este glosario dixital contén douscentos termos relacionados coa carpintaría, ferramentas, maquinaría, materiais, moble e tapicería. As palabras recollidas, algunhas son de uso común pero outras "son tan específicas que houbo que crealas", comentan dende o IES. Ademais, defenden os seus creadores, que esta primeira versión "é unha boa base para arrancar, tanto para o profesional do sector, como para intérprete, alumnado e docentes" da formación.

Podemos atopar en aberto esta listaxe en iesmelide-madera.com e conta con dúas versións, unha en galego e outra en castelán. Ademais, dende o cliclo manifestan a súa intención de "seguir ampliando a listaxe, e incluso perfeccionandoa, porque a linguaxe de signos é igual que calquera outro idioma, non é tan pechada como se soe pensar, está en continua evolución".

Previamente á realización desta ferramenta, para conseguir un bo funcionamento desta iniciativa, o profesorado melidense da especialidade de madeira recibiu formación sobre a lingua de signos e as dificultades laborais e formativas ás que se enfrontan as persoas con discapacidade auditiva.

No IES de Melide están moi contentos co traballo realizado nesta novidosa ferramenta, no que a maiores de participar o profesorado do clico de madeira e a intérprete, tamén o fixo o departamento de lingua galega e persoa encargada do desenvolvemento da páxina web.

Ademais, dende o centro educativo melidense, queren agradecer a axuda da Asociación de Persoas Xordas de Ferrol, entre outras cousas, polas súas correccións no proxecto.

Este glosario co que, dende o instituto da vila son pioneiros, xa se presentou nalgún curso de secundaria pero queren dalo tamén a coñecer en asociacións de docentes e profesionais do sector, ao igual que noutros centro nos que se oferta esta especialidade formativa para que se empregue alí onde o precisen.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

LOGOPEDA VS. MESTRA/E DE AL.

Moitas persoas con nenas/os que reciben atención nos centros escolares para mellorar a linguaxe entenden que a figura que realiza esa intervención é unha logopeda. Mais a figura que se ocupa de traballar no ámbito escolar con quen teñen dificultades de linguaxe e aprendizaxe, é a mestra con mención en Audición e Linguaxe (AL).

Debemos polo tanto diferenciar ambas profesións para dar a cada unha o seu recoñecemento dentro das súas competencias e reivindicar o papel de cada unha no seu ámbito.

Para ser mestra/e en AL, debe cursarse a carreira universitaria de maxisterio para despois facer a mención de audición e linguaxe; antes era unha especialidade que xa podía cursarse como "Maxisterio en Audición e Linguaxe" que mudou a unha nova fórmula cos cambios producidos nas leis educativas e europeas das titulacións universitarias. Pola contra, para rematar sendo logopeda, existe unha titulación específica, non adscrita a ningunha outra, o "Grao en Logopedia", antes "Diplomatura en Logopedia" e retrocedendo máis no tempo, cun curso de especialización en patoloxía da linguaxe. As materias cursadas nun e outro caso contan con diferenzas substanciais tanto en canto a diagnóstico de patoloxías como en intervención. Delimítase desta forma que se xa os estudos son diferentes, as competencias han de selo.

Unha logopeda, tras rematar os seus estudos, debe colexiarse para exercer a profesión e pode acceder a prazas públicas sanitarias pero non pode presentarse a un proceso de selección por oposición a nivel educativo, a non ser que se titule en maxisterio ou pedagoxía. Desta forma, o acceso a un centro escolar como profesión queda asumido pola figura da mestra en audición e linguaxe, unha titulación relacionada con educación. Da mesma forma, en sanidade, non podería ter acceso a figura de mestra en Audición e Linguaxe a un proceso de selección por oposición se non titulara en grao en logopedia.

Hai que referir que unha figura e a outra non son excluíntes, senón complementarias. O traballo que faga a AL no centro escolar repercutirá positivamente no da logopeda e viceversa. Para conseguir un mellor desempeño de calquera persoa que precise dos servizos de AL e logopedia, debería repartirse o traballo e coordinar ao máximo as accións a levar a cabo coa fin de que a persoa que recibe a intervención saque o maior proveito posible. Pódese dicir que no fondo, estamos "condenadas a entendernos" polo que non se debe desmerecer nin dinamitar o traballo de ningunha profesional, senón valorar o que aporta ao noso traballo o que se fai noutros ámbitos. Como logopeda sempre estou disposta a traballar en conxunto polo ben das e dos meus pacientes e teño comprobado pola miña experiencia clínica, que os resultados serán mellores e máis rápidos. Cada unha co seu nome e no seu ámbito pero complementándonos.

O Concello de Melide destinará preto de 300.000 euros nas obras de mellora e reubanización do Campo Grande

A zona do Campo grande na actualidade.

O Concello de Melide destinará 298.248,50 euros na execución das obras de reurbanización do Campo Grande. Este proxecto supoñerá unha mellora de estética e a reorganización desta zona do municipio.

O orzamento co que conta este proxecto está financiado a través do Plan Único da Deputación Provincial da Coruña, destinado a obras e a gasto social.

Estas obras incluirán a renovación do firme en toda a rúa, colocando ao mesmo nivel o pavimento rodado e o peonil, distinguindo o espazo entre ambos grazas aos materiais que se van empregar. O obxectivo principal destas tarefas é a reorganización da vía e humanizar e mellorar este espazo público, acadando unha mellor accesibilidade e estética.

Por outro lado, realizarase unha nova rede de separación de augas fecais e pluviais, renovarase a rede de abastecemento e incorporarase unha canalización común para instalacións de telecomunicacións, subministro eléctrico e iluminación.

No eido da mellora estética e de comodidade, instalarase no espazo libre que hai ao comezo da rúa do Campo Grande un banco de pedra, distintas árbores, un poste de iluminación e un elemento de ocultación das infraestruturas de recollida de residuos.

Para a redacción deste proxecto tomouse como referencia o traballo desenvolto pola Mancomunidade de municipios galegos do Camiño Francés para potenciar a imaxe corporativa coa fixación de elementos comúns nas intervencións no Camiño de Santiago.

Curso presencial para obter o Celga

Se a situación epidemeolóxica o permite, o Concello de Melide impartirá a partir do 15 de marzo un curso presencial de preparación para acadar o CELGA.

Nesta preparación o alumnado fará un repaso polo léxico, a gramática e a expresión da lingua galega para poñer superar o exame que lles permita acadar o nivel de CELGA para o que se presenten. O CELGA é o certificado de Estudos de Lingua Galega.

O responsable de normalización lingüística do goberno local, manifestou que unha das grandes vantaxes deste curso é que "nós marcamos o ritmo, imos dando a materia co nivel que teña o alumnado, non nos poñemos límites".

O goberno local informa do fin dos prazos para axustarse á normativa de prevención contra os incendios

O Concello da Melide lembra, a través de pequenos folletos repartidos polas rúas da vila, a obriga de cumprir coas ordenanzas municipais e coa normativa da Xunta de Galicia sobre prevención de incendios nas que se se recolle o cumprimento das distancias entre plantacións e vías públicas.

A lexislación vixente esixe que os terreos limítrofes con pistas e estradas deben estar libres de arborado nunhas distancias que van, dependendo do tipo de vía e especial vexetal, dende os dous ata os dez metros do dominio público. No caso dos eucaliptais e piñeirais deben afastarse un mínimo de dez metros das estradas e vías de ferrocarril e polo menos catro metros das pistas forestais. Se son árbores frondosas caducifolias, como castiñeiros, carballos, cerdeiras, ameneiros ou loureiros, a obriga de separación é de catro metros das estradas e de dous das pistas forestais.

Por mor da existencia de moitos puntos das vías municipais onde se encontran árbores podres, tortas ou en perigo de precipitarse á estrada, e tamén zonas onde as pólas medraron tanto que vehículos como os autobuses e o camión do lixo tocan nelas, e incluso tocan cos cables e focos de iluminación, provocando avarías e repercutindo no gasto da administración local. Por este motivo dende o Concello fan un chamamento á responsabilidade da veciñanza para evitar que as árbores e pólas caian nas estradas por culpa dos temporais, tan frecuentes na vila en época de inverno.

Ademais, as continuas borrascas obrigan á área de servizos a mover a cotío medio e persoal para limpar as estradas e ramallada, algo que se poderían evitar se se cumprise coas distancias estipuladas na lexislación autonómica. Dende a administración municipal dáse ata o vindeiro 31 de marzo para que as persoas propietarias eliminen pola súa conta o arborado das zonas afectas polo espazo público. Ao mesmo tempo, o Concello recorda que as ordenanzas municipais tamén prohiben tirar entullos, madeira e calquera residuo contaminante.

As infraccións ás que a veciñanza se poden arriscar de non cumprir con esta normativa son de tres tipos, dependendo do grao de incumprimento: infraccións leves, con multas de 100 a 1.000 euros; infraccións graves, de 1.001 a 100.000 euros; e por último, as infraccións moi graves, con multas de 100.001 a 1.000.000 euros.

A Policía Local únese á coordinación de XesPol

Dous axentes da Policía Local. /Foto: Concello de Melide

A Policía Local de Melide pasa a formar parte da novidosa Plataforma de Xestión Policial XesPol, unha ferramenta de coordinación entre cadros de persoal da Policía Local de varios concellos galegos.

Esta plataforma, foi deseñada por dous policías locais do Concello coruñés de Carballo, permite a unificación de criterios e protocolos de actuación coa pretensión de que todos os grupos de policías locais que participen compartan unha base de datos que se estenda por toda a comunidade autónoma e tamén para facilitar os traballo deste corpo de seguridade.

A adhesión da Policía Local da vila está motivada, principalmente, polos bos resultados que están logrando outros municipios, permitiralle aos axentes melidenses axilizar e dar maior eficacia á súa labor, á hora de enfrontarse a un atestado, a un informe ou mesmo a unha xestión xudicial.

Melide organiza actividades polo 8 - M

O Concello de Melide celebra o próximo 8 de marzo con diversas actividades dirixidas a diferentes idades. Toda esta programación está dirixida a promover a igualdade.

Unha destas iniciativas é o concurso de Tik Tok para os máis novos entre o 1 e o 15 de marzo. O obxectivo é que a mocidade melidense maior de 14 anos suba a esta rede social pequenos vídeos nos que se inclúa o cancelo #rachacosestereotiposdexénero co fin de romper con comportamentos de xénero estereotipados entre a mocidade como, por exemplo, a ridiculización dalgúns comportamentos ou evidenciar tópicos na cultura popular (cancións, vídeos, libros).



As escaleiras do Conservatorio Profesional de Música de Melide

Os premiados ou premiadas serán os tres participantes que resulten gañadores polo xurado que estará formado por membros da Concellería de Política Social, Igualdade e Saúde da administración local e da equipa de intheMOVE.

Polémica pola convocatoria de dúas prazas de administrativos no Concello

A convocatoria de dúas prazas de administrativo trouxeron, unha vez máis, a polémica e a falta de encontro do bipartito do goberno local e o partido da oposición. Dende o Partido Popular de Melide consideran que esta convocatoria está fóra dos límites da contratación de persoal e son unha entrada a administración "pola porta de atrás". Pola súa contra dende Concello de Melide defenden que esta convocatoria atende a necesidades "urxentes e inaprazables" para prestar á cidadanía melidense un "nivel axeitado de servizos públicos municipais".

A voceira dos populares, Dalia García, asegura que os informes que posúe demostran que a contratación de dous administrativos "non cumpre coa normativa esixida en réxime de emprego público". Dende a administración local fan fincapé na existencia de informes emitidos pola secretaría e intervención municipal nos que se ponde manifesto "a inxente carga de traballo en varios dos departamentos municipais, carecendo dos medios persoais suficientes" para poder facer fronte coa dilixencia debida á tramitación dos respectivos expedientes administrativos.

O PP reitera que se dende o Concello non anulan estas bases "chegaremos ata o final do asunto".

Os xurros volveron chegar ao Furelos nos días de Entroido

Os xurros no río Furelos en San Salvador. Foto: Asociación de Troiteiros

O pasado 14 de febreiro, o río Furelos recibiu unha nova vertedura en forma de xurro que procedía da zona de Zaramil, na parroquia de San Salvador de Abeancos, e que remataba a 350 metros da Ponte Mazaira, a altura da estación de captación de augas de consumo do Servizo Municipal de Augas do Concello melidense e a 1.200 metros do espazo de Praia Fluvial de Furelos.

Un dos socios da Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' deu o aviso da vertedura e púxose en marcha o protocolo establecido. Dende a asociación, fan fincapé na necesidade de poñer en marcha, dende as administracións, campañas de información en materia de normativa a cumprir e de formación en valores do medio ambiente. Os troiteiros tamén propoñen para reducir este tipo de vertidos, "a procura dun compromiso de partida económica entre os Concellos ribeiraos e as Consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente para que os gandeiros poidan acollerse a unha subvención para actualizar as explotacións e o xeito de produción".

O persoal do centro de día e da escola infantil inician un paro indefinido todos os xoves

Persoal da escola infantíl o primeiro xoves de folga. /Foto: Consorcio

O persoal do Centro de Atención a Persoas Maiores e da escola infantil de Melide están baixo a xestión do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar iniciou o pasado 18 de febreiro unha folga indefinida en defensa dos seus postos de traballo.

No centro de día son trinta e tres as traballadoras e na escola infantil son nove as que ven en perigo os seus postos de traballo, porque as bases do proceso que os sindicatos maioritarios negocian coa Xunta de Galicia para regularizar as prazas, que son temporais, supoñen un impedimento para consolidar os seus empregos.

Os traballadores e traballadoras do Consorcio na vila, na súa gran maioría mulleres de Melide e concellos veciños, comentan: "Estase cometendo un fraude de lei polo uso abusivo da contratación temporal que prohiben as directrices europeas, e vannos penalizar a nós por un problema que xeraron eles". Por outra banda, o proceso selectivo, un concurso-oposición que obriga a superar o exame escrito para o cómputo dos méritos os sitúa en maior situación de desvantaxe.

O persoal do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar demandan unha solución xusta e ponderada a través dun proceso que garanta a consolidación dos postos de traballo. Dado que de non chegar esa solución provocaría prexuízos laborais e iría en detrimento dos servizos públicos galegos.

O PP demanda a rebaixa do Imposto sobre Bens Inmobles

O Partido Popular melidense demanda a baixada inmediata do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) municipal debido á revalorización catastral á que están sendo sometidas as 26 parroquias melidenses.

Dende o PP explican que "asistimos a un procedemento simplificado no que se modifica a ponencia de valores dos terreos urbanos do concello" no cal se ven afectados os máis de 2.000 titulares de propiedades no rural municipal.

A voceira dos populares, Dalia García, esíxelle ao goberno local "informar de primeira man aos veciños afectados" e fai fincapé en que "con esta suba, Melide recadará medio millón de euros. Ademais, García manifestan a necesidade dunha inmediata "baixada do tipo do IBI para que os propietarios poidan ter osíxeno nestes tempos tan complexos". Os populares tamén anunciaron que tomarán medidas no pleno.

Merca en
Melide
Cerne de Galicia

APOIA AO
COMERCIO
LOCAL,
Avancemos
Xuntos

- Comercios seguros fronte ao Covid-19
- Comercios de proximidade
- Comercios de confianza
- Inviste no teu pobo
- Crea emprego
- Xera futuro

Concello de Melide

HC 96

Hotel Carlos
Restaurante
Melide

Tlf/Fax: 981 50 76 33
gestion@hc96.com
www.hc96.com

1€ eurocadena

- Agasallos
- Decoración
- Papelería
- Bazar
- Moda
- Prantas naturais e moito máis en:

1€ eurocadena Melide

Rúa Cantón de San Roque, 9 · 15800 - Melide
Telf.: 670 292 917

LIQUIDACIÓN TOTAL
POR REFORMA

GRUPO NOGUEROL
COCINA Y BAÑO

Hasta el 18 de abril o fin de existencias

hasta 50% de descuento

+ de 1000 referencias de surtido de cocina y baño a precios más que económicos

Lunes a viernes 10:00 a 14:00 y 16:30 a 20:30 - Sábados y domingos 10:00 a 13:30

981 50 77 00 Ext.3 | 601 64 26 43

Gallega de Carnes García S.L

Venta de carne a particulares e ao por maior

Venta de gando vacún e porcino vivo

Crta do Meire s/n, Melide
Tlf: 981 81 54 00

garcía grupoganaderocárnico

GARCIPORC GRANJAS DE PORCINO

garcía industrias cárnicas SALA DE DESPIECE Y ALMACÉN FRIGORÍFICO

garcía s.l. explotaciones porcinas

GARCIA productora de vacuno

GARCÍA GESTIONES E INVERSIONES

garcía supermercados

Comportamentos medioambientais incívicos e irresponsables en Melide

Diferentes puntos da vila usados como vertedoiros ilegais. /Foto: C.Melide

Durante os primeiros días de marzo, Melide foi vítima de diferentes comportamentos incívicos e irresponsables co medio ambiente no que diferentes localizacións foron usadas como puntos de vertido ilegais. Estas situacións son inaceptables e totalmente rexeitadables, xa que a veciñanza debe coidar do entseu entorno.

Dende o Concello recordan que a vila conta cun Punto Limpo no Polígono Industrial da Madanela en horario de mañá de 10:00 a 14:00 os luns, mércores e sábados; e de tarde, dende as 16:00 ás 20:00 horas.

O Concello melidense obrigado a devolver 154.131 euros dun convenio con Agader

O Concello de Melide vese na obriga de devolver a Agader 154.131,18 euros, procedentes dun convenio asinado entre a administración local e a axencia galega de desenvolvemento rural, por non lograr executar os traballos antes de febreiro do ano 2018.

O convenio asinado o 22 de setembro de 2017, cando aínda estaban a ao mando o Partido Popular con Dalia García ao fronte, regulaba as condicións para a concesión directa por importe de 192.663,98 euros para a exucución de melloras e a rehabilitación da cuberta da nave do recinto feiral de gando. Como adiantamento, a axencia galega de desenvolvemento rural realizou un pagamento de 154.131,18€ trala solicitude do propio goberno da vila en decembro de 2017.

O pasado mes de febreiro, o Concello melidense recibiu un requerimento no que se solicitaba, por parte de Agader, a devolución do importe adiantada por non ter enviado a documentación que xustificase o proxecto subvencionado nas datas impostas para facelo.

Dende o actual órgano de goberno lamentan ter que proceder á devolución da subvención recibida, "como consecuencia da mala xestión e do incumprimento de prazos".

Pola contra, os populares melidense deféndense mediante comunicado sinalando que "o Concello de Melide non perde ningún fondo propio polas accións do PP" e explican que "ante a imposibilidade material de levalo a cabo como calquera outra subvención pública, a administración local devolvelo".

Aberto o prazo de admisión nos centros educativos de primaria e secundaria

Alumnado do IES de Melide. /Foto de arquivo

Todas as escolas de educación primaria e secundaria da comarca da Terra de Melide teñen aberto o prazo para inscribirse ata o vindeiro luns 22 de marzo. Os pais que desexen solicitar a praza nun centro educativo nos concellos de Melide, Toques, Santiso e Sobrado poderano facer: de xeito virtual, a través da web edu.xunta.es/admisionalumnado, e de modo presencial nas escolas escolmadas.

Ademais, as familias que realicen o trámite en liña, poderán consultar o estado da tramitación da solicitude nas distintas fase do procedemento usando o código que xera a aplicación ao cubrir a solicitude, xunto co DNI da nai ou pai que asina.

Este período de admisión está reservado para o alumnado que entra por primeira vez no sistema educativo e para o que cambia de centro escolar. No que respecta á puntuación que pode acadar calquera futuro alumno ou alumna da escola, tense en conta se a familia xa ten outro cativo ou cativa estudando nese mesmo centro e máis se a zona na que se atopa está preto do domicilio familiar.

Logo, en caso de empate entre o alumnado para unha mesma praza, quedou establecido no sorteo público realizado o pasado 26 de febreiro pola Consellería de Educación que se lle dará prioridade pola seguinte orde: letras "t" e "g" para o primeiro apelido e "e" e "x" para o segundo.

Os centros educativos de da comarca son: en Melide, o C.E.I.P Nº1, Martagona, Mestre Pastor Barral e o IES de Melide; en Toques, o Plurilingüe de Toques; en Santiso, o C.E.I.P de Arcediago; e, por último, en Sobrado, o Virxe do Portal.

BREVE

Visita da Unidade Móbil de Turismos e Ciclomotores neste mes de marzo.

Para turismos: dende o 17 ata o 25 de marzo en horario de mañá de 09:00h a 13:30h e pola tarde de 15:15h a 18:00h horas. E o día 26 dende as 09:00h ata as 13:30h horas. Durante este período a Unidade Móbil estará instalada na explanada situada onda o Campo da Feira.

No caso dos ciclomotores o calendario será: do 22 ao 23 de marzo entre as 9:00h ata a 13:30h da mañá; e pola tarde, dende as 15:15h ás 18:00h. O lugar escollido para a revisión dos ciclomotores é o interior do Palacio de Congresos de Melide.

Para solicitar cita poden chamar ao 902 30 90 00 ou na páxina www.sycitv.com.

O Concello e a escola de Santiso poñen en marcha a actividade ‘Quen medra máis’

O Concello e a escola de Santiso poñen en marcha a iniciativa ‘Quen medra máis’. Esta programación nace co obxectivo de que as nenas e nenos do CEIP de Arcediago valoren e coiden as plantas do entorno que os rodea, así como que mimen e respecten a natureza da que eles tamén forman parte, coa meta final de promover a conservación do medio ambiente.

‘Quen medra máis’ contará con dúas partes: a primeira, de concienciación, na que unha profesional lle explicará ao alumnado as distintas variedades de plantas e lles propoñerá traballos prácticos; a segunda, é a principal, a plantación dunha árbore nunha parcela municipal na que cada cativo coidará dela e verá como medra.

Alumnado do CEIP Arcediago nunha actividade. /Foto: Concello de Santiso

Por outra banda, o CEIP Arcediago de Santiso mantén o prazo aberto ata o 22 de marzo. Dende esta escola animan a todos os pais e nais que desexen “unha atención personalizada, familiaridade e apego, un bo horario, implicación na cultura, actividades ao aire libre, un centro aberto ás novas tecnoloxías, gran implicación das familias e un trato estreito con elas”, así como “un ambiente agradable e relaxado, unha escola plural e diversa”, a matriculalos no centro educativo situado en Arcediago (Santiso).

No centro contan tamén con profesorado especializado, traballo por proxectos en Infantil, pequenas investigacións e talleres, horta, introdución á robótica, e moitas máis actividades.

Toques e Santiso contarán con caixeiros automáticos

Un caixeiro automático como os que instalaran. /Foto de arquivo

Os concellos de Toques e Santiso contarán con caixeiro automático grazas a unha iniciativa da Xunta de Galicia e a FEGAMP que facilitará que toda a poboación galega teña acceso a servizos financieiros e bancarios no seu municipio.

Esta acción consiste na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos nas dependencias da localiade . O obxectivo é que estas instalacións permitan a prestación dun servizo de asistencia financieira, de xeito semellante a unha oficina bancaria tradicional. Así como tamén, solucionar de maneira presencial as dúbidas dos clientes e a oferta de formación neste eido e no da banca electrónica para adquirir nocións básicas e aprender a usar os servizos bancarios a través das novas tecnoloxías.

Estas subvencións buscan fomentar a prestación de servizos no rural.

O Parlamento galego esixe á Xunta a mellora da barcaza de Portodemouros

O Parlamento galego aprobou por unanimidade unha proposta non de lei, presentada polo BNG, a través da que se insta á Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a empresa concesionaria do encoro de Portodemouros, Naturgy, mellore o servizo da barcaza que comunica a aldea de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso).

Barcaza de Portodemouros que une Vila de Cruces e Santiso. /Foto arquivo

Os diferentes grupos parlamentarios reclamaron as melloras no acondicionamento das instalacións e a barcaza. Segundo o deputado nacionalista, Xosé Luis Rivas 'Mini', explicou que estas melloras deberían pasar pola "modificación do ancho actual das ramplas de acceso á embarcación e que non deberían ser menores de 13 metros en toda a lonxitude, tanto do lado de Loño como na marxe de Beigondo". Ademais, o deputado do BNG falou da necesidade dunha "correcta iluminación nos accesos e o acondicionamento das estradas para que poidan acceder os vehículos das dimensións establecidas pola lexislación aplicable".

Na bancada do Partido Popular, Rubén Lorenzo, defendeu que o goberno galego insta a Naturgy "ao cumprimento destas condicións e requírelle que adopte as medidas que sexan necesarias". Lorenzo incidiu en que a Xunta "realiza e seguirá realizando este seguimento, esixindo a adopción destas medidas para o bo funcionamento".

O orzamento municipal de Sobrado dos Monxes para o 2021 xa está aprobado

Casa Consistorial de Sobrado. /Foto arquivo.

O Concello de Sobrado vén de aprobar o orzamento municipal para este ano cos votos a favor do equipo de goberno do PSdG-PSOE, o Partido Popular votou en contra neste pleno.

O presuposto ascende a 2.990.882 euros. Nesta partida destacan os 129.000 euros máis que o ano pasado destinados ao servizos sociais, coa finalidade de dar resposta á crise económica provocada pola COVID - 19.

Tamén destaca o presuposto dedicado ás inversións que no 2021 será de 883.811 euros.

O alcalde de Sobrado, Lisardo Santos, destacou que estes ozamentos son "realistas, estables e ambiciosos, baseados na procura da eficiencia na xestión municipal". Ademais, Santos fai fincapé en que a pandemia dificultou moito a vida das persoas e por iso, "agora, máis ca nunca, necesitamos ter unha proposta social forte, para que a nosa veciñanza teña a atención e axuda que necesite".

O cribado masivo no concello de Toques non detecta ningún caso positivo de COVID

Imaxe do cribado masivo no centro de saúde de Toques. /Foto: SERGAS

O pasado 24 de febreiro pola tarde, no centro de saúde, o SERGAS realizou un cribado masivo á poboación de entre 25 e 61 anos, un total de 480 persoas citadas. A participación nestas probas de test antíxenos foi do 74%. Como resultado a Consellería de Sanidade non notificou ningún caso positivo no municipio.

A realización destas probas respondía á situación de risco máximo no que se situaba o concello de Toques nesas semanas. Dada a alta incidencia acumulada nos anteriores 14 días, máis de 500 casos por cada 100.000 habitantes, dende a Xunta decidiron que permanecera coas medidas máis restritivas durante unha semana máis. Isto implicou, que durante ese tempo se mantivo o peche perimetral, seguiron prohibidas as reunións de non conviventes e a hostalería cerrada.

Máis tranquilo era, e segue sendo, a situación do concello de Santiso no que dende hai máis de dúas semanas que non se rexistra ningún caso positivo de COVID – 19.

Outro caso é o de Sobrado, onde a incidencia acumulada se sitúa entre 150 e 250 casos polo que están no nivel dous. Grazas a melloría dos datos ambos municipios puideron gozar dun relaxamento dalgunha das medidas como poderse mover por localidades co seu mesmo nivel de restricións así como a apertura da hostalería ata as seis da tarde, ou a posibilidade de reunirse con ata catro persoas non conviventes.

Ademais, no centro de saúde melidense máis dun cento de persoas maiores de 80 anos, veciños e veciñas da vila, recibiron xa a súa primeira dose da vacina contra o coronavirus.

Santiso conmemora o día da muller con 'Sentido Común'

Cartel do espectáculo 'Sentido Común'. / Foto: Concello de Santiso

Este ano, dada a a situación provocada pola COVID - 19, o Concello de Santiso organizou unha única actividade polo día da muller, o espectáculo de narración oral 'Sentido Común'.

Esta obra fai unha selección variada de diferentes historias onde a risa e o humor son os protagonistas. Os encargados de narrarnos estes contos e facernos pasar un bo anaco, no novo centro cultural de Visantoña, foron: Ángeles Goás, Dani Blanco e Carmen Conde.

Un dos obxectivos principais de 'Sentido Común' é recobrar e lembrar a esa "pequena" xente que fai grande o mundo, para que non se esqueza a súa memoria.

Unha iniciativa que busca conmemorar un día tan sinalada e importante, como é o 8 de marzo, dun xeito diferente e divertido para toda a veciñanza.

A iniciativa melidense ‘Furelos no Camiño’ recibe 7.200 euros no marco da segunda edición de ‘O teu Xacobeo’



Ponte romana do río Furelos.

‘A Nosa Identidade, A Nosa Riqueza. Furelos no Camiño’ é un dos dezaseis proxectos da provincia da Coruña que contará cunha axuda de 7.200 euros por parte da Xunta de Galicia, a través da segunda edición de ‘O teu Xacobeo’.

Esta iniciativa promovida pola Xunta de Galicia conta cunha contía total de 180.000 euros para colaborar con estas preto de vinte accións situadas na provincia coruñesa. Dende a administración galega fan fincapé en que os participantes en ‘O teu Xacobeo’ “representan o carácter de participación, descentralizado e sostible dun Ano Santo no que a cidadanía é a protagonista”, debido a que son os encargados de “difundir os valores do Camiño de Santiago” por toda a comunidade autónoma.

Todos os proxectos presentados, ao igual que no caso do de Melide, foron formulados por entidades locais e esta liña de axudas permitirá que estas actividades mobilicen recursos municipais, fomenten a innovación e o uso das tecnoloxías da información e a comunicación e subliñarán en especial a promoción de artistas e creadores galegos.

Trala resolución da concesión destas subvencións, os beneficiarios comezarán a desenvolver os seus programas. Para levalos a cabo contan cun prazo de 6 meses, ata o próximo mes de setembro, tras a concesión dun aprazamento por mor da pandemia, co obxectivo de que poidan dispoñer de máis tempo para levar a diante estes proxectos.

Un Ano Santo diferente por mor da pandemia

Todo isto no medio dun Ano Santo marcado pola situación sanitaria e, no que vai de ano, sen apenas a chegada de persoas peregrinando ata Santiago de Compostela. Os hostaleiros e empresarios que viven, en gran parte do Camiño, non contan cun relaxamento das restricións na Semana Santa e confían con que no verán as circunstancias permitan facer unha boa tempada de traballo coa pandemia xa máis controlada, grazas a campaña de vacinación e a apertura da comunidade autónoma.

O equipo da Terra de Melide gaña o concurso ‘Come a Comarca’ da TVG

O equipo melidense no último programa de ‘Come a Comaraca. As batallas’ antes do cociñado que lles daría o triunfo

O equipo de cociñeiros e reposteiro da comarca da Terra de Melide gañou o concurso ‘Come a Comarca. As Batallas’ da Televisión de Galicia. Este grupo está formado por: Pedro Coego, do Recuncho do Convento, José Mouriño “Novita”, da Cantina de Eleu, Pablo Laya, Román Varela, da Pastelería Trisquel e Daniel Fernández.

O último programa consistiu nunha batalla entre as formacións de Melide e os da Terra Chá. O menú que tiñan que cociñar comezou cunha receita libre na que tiñan que empregar choco de Sada. De segundo un prato deseñado polo cociñeiro Gerson Iglesias, unha cachucha de porco crocante con repolo e berenxena. E para finalizar, o reposteiro Manuel Garea propúxolles elaborar un biscoito de améndoa cun barquillo crocante, unha crema xelatinosa e mandarina confeitada. Os de Melide logo dunha axustada votación a cegas proclamáronse gañadores deste programa gastronómico e recibiron os 15.000 euros do primeiro premio.

Nesta final os dous grupos de cociñeiros contaron cuns padriños moi coñecidos por todos e todas, Fede Pérez no de Melide e Lucía Pérez no da Terra Chá. Ademais, esta gala contou con invitados de luxo como os cociñeiros Xoanqui Ameixeiras e Iván Mariñas.

Recreos inclusivos para o alumnado de 1º da ESO

Imaxe da iniciativa de ‘recreos inclusivos’ /Foto: IES de Melide

O alumnado de 1º da ESO do IES de Melide participa na iniciativa de ‘recreos inclusivos’, coa finalidade de integrar a todos os rapaces e rapazas deste curso entre eles e facelo a través dos xogos tradicionais galegos.

Este punto de encontro para favorecer as relacións interpersoais e o desenvolvemento socio - cultural ten lugar todos os xoves deste segundo trimestre entre o alumnado do primeiro curso de educación secundaria no patio do instituto.

Nestes recreos os estudantes melidenses practican xogos tradicionais como o brilé, a comba, a mariola ou o pano, aprenden un xeito diferente de diversión, recuperando a tradición para que non sexa esquecida e compartindo xuntos os momentos de lecer.

Corazón de tinta

Alumnado do IES Melide

Galicia soñada



Andrea Carreira Fernandez, alumna de 2º de bacharelato

Choiva

raia punto raia
punto
escribías

punto punto
punto punto
un amigo que preguntaba
por min

unha conversa monótona
punto punto raia
escoitaba a pesar de ser un
día de cine mudo

punto punto punto
raia, non
podía responder

punto punto
mirábate cuns óculos que
non eran meus

non fun
punto raia
pesábame algo
non me pesaba a roupa

estás aquí de novo
esperanza da túa pregunta
extínguese
cando escoito a túa caída
normal

o punto final
escríbeo o sol

Sara Sánchez Blanco, alumna de 2º de bacharelato

O son do vento

Chegou o outono e con el
volvo escoitar o son do
vento
ese asubío que ao compás
dos meus pasos
vai creando a melodía que
tanto estrañei

dentro dela unha árbore
abre as súas portas
das que sae unha voz leda e
suave
que se esvae en canto me
achego

entón sigo camiñando
pensando cando volverei
escoitala

Diego Tarrío Bande, alumno de 2º de bacharelato

Eduardo Castro Blanco, unha vida dedicada a repartir felicidade

O pasado 18 de febreiro finaba no CHUS, sendo soterrados os seus restos ao día seguinte no panteón familiar do adro da parroquia de Brañas (Toques). Esta parroquia é o lugar que o viu nacer 74 anos antes, no seo dunha familia de 7 irmáns que quedaron orfos cando el contaba con tan só 3 anos.

Esta circunstancia familiar fai que aos 14 anos marche traballar á cidade de A Coruña. Dende alí emigra a Bilbao, pero como sempre andaba na procura de mellorar a súa situación, e sendo como era unha persoa moi emprendedora, chegou a traballar en San Sebastián, Mónaco, Cataluña e Andorra, para finalmente, e xa casado, asentarse en Londres onde permaneceu 27 anos.

Persoa autodidacta, desenrolou toda a súa vida profesional na hostalaría, agás algún traballo esporádico na construción nos seus inicios, exercendo a maior parte do tempo como cociñeiro e chegando a traballar como xefe de cociña con decenas de persoas ao seu cargo. A pesar das súas andanzas polo mundo sentía unha profunda nostalxia pola súa xente, isto fai que nunca perdera de vista o obxectivo de volver á terra que o viu nacer. Cóntase incluso que non quería aprender demasiado inglés para non acostumarse ao país británico e correr o risco de quedar alí para sempre, chegando a esixir axudantes de fala hispana.

Así, en 1996 e xunto coa súa muller e os seus dous fillos, conseguiu o seu soño e inaugurou en Melide o xa mítico Hotel Carlos 96, negocio familiar que nos seus inicios contaba con pouco máis de unha ducia de habitacións, chegando a día de hoxe a máis de corenta. Este gran proxecto queda no seu punto álxido a escasos meses de cumprir as súas vodas de prata, data que de ben seguro a recordaría argallando unha gran festa, como foi a do ano 96. Dende a súa cociña sempre se combinaron pratos tradicionais con outros máis innovadores que en Melide non se atopaban naquel tempo. Mención aparte merece a súa repostería; calidade, creatividade, presentación e variedade son algúns dos adxectivos que merece aquel pracer para os sentidos da vista e o gusto.

Será recordado sempre por ser un traballador incansable que conseguía desenrolar varias funcións no negocio familiar (cociñeiro, compras, camareiro) e sempre sen perder o seu eterno sorriso. Ademais disto, foi unha persoa emprendedora ata o final inaugurando hai dous anos un novo local en Melide, chamado Edward´s Fried Chicken, e indutor de iniciativas emprendedoras, axudando a moita xente a empezar os seus negocios, aportando traballo e coñecementos ou apoiando a moitas empresas emerxentes da contorna.

Aínda que foi un traballador incansable, nunca deixou de atender aos que o rodeabamos, atopando tempo para coidar de persoas hospitalizadas, facer unha tarta para un aniversario ou improvisando unha cea con grandes bandexas de croquetas e aliñas de polo. Nunca comida faltou nesa gran casa.

Pero se algo o define sobre todas as cousas é a súa infinita bondade, xa que ten axudado a moita xente dende a sombra, polo simple feito de facer o ben e sentirse realizado como un eterno benfeitor

Recentemente morreu Quique San Francisco, e escoitei que adoitaba dicir “siempre que estás desesperado aparece una buena persona y te ayuda”, esa persoa é Eduardo.

Cando me propuxeron escribir este pequeno recordo, o primeiro que pensei é que se me fai grande tal encargo e se me quedan pequenas as liñas, pero é unha honra para min escribir estas palabras que de ningún xeito conseguen facer xustiza a todo o que representaba esa gran persoa.

**Obituario a Eduardo Castro Blanco,
escrito por Susana Castro**

Maricarmen, Cristina, Elvira...

Maricarmen é a máis nova de catro irmáns. Os tres máis vellos son homes, un vive en Bilbao, dous en Melide e o maior está casado na Coruña. Cando o pai de Maricarmen sufriu un ictus, e a nai non podía atendelo porque empezaba a ter alzheimer, ela, como é a filla, trasladouse ca súa familia á casa paterna. Deixou o traballo de limpadora -que total, pouco lle pagaban-, e coida ao seu home, aos seus fillos, ó neto pequeno...e a seus pais que, con quen van estar mellor que ca filla...

Cristina ten moita sorte co home, porque lle fai a compra, lévalle a nena ó dentista, e recóllea el tódolos días das clases particulares. Claro que, é Cristina a que está pendente de que nunca falte o sal, a que elabora a lista da compra por orde dos pasillos do supermercado, a que fala co dentista para ver que debería facer coa endodoncia da nena, a que escribe no calendario da cociña cando tocan as vacunas, e a que cambiou a nena dúas veces de profesora de particulares ata atopar unha na que a rapaza aprenda e aproveite o tempo.

Laura colleu unha redución de xornada cando tivo a segunda filla. Na empresa pórtanse moi ben con ela, porque lle deixaron facer horario de mañá. Así pode saír en hora de recoller ao maior do colexio, e chegar á casa a tempo de facer o xantar para cando veñan o home e o sogro comer. Desde que lle morreu a muller, o sogro non se dá solo, e non ten fillas, claro.

Elvira fai tres meses que non ve a seus sobriños por culpa da pandemia. Así que agora que abriron algo chama aos irmáns todos para que veña xantar, e traian os nenos o sábado, porque vai cocer. Elvira muxe as vacas cedo, e amasa a primeira hora para que lle dea tempo a enfornar antes do mediodía, e que todos teñan o pan quente para o xantar. Cando se sentan todos á mesa, ela bule de dentro para fóra para servilos e contentalos. Á hora de marchar énchelles os tuppers de polo da casa cociñado, grelos escaldados, unha torta e unhas bolsas de chourizos -"esto xa non é nada, non costa nada que é todo da casa!"-. E ponse a recoller todo, mentras Ramón mira o teléfono no sofá. Ten que descansar que mañá ten que volver coller o camión.

Begoña traballa nunha xestoría de luns a sábado. Os domingos van comer á casa de seus pais. Cando chegan á casa á beira da noite, os nenos ven un pouco a tele mentras ela prepara a comida da semana, organiza a roupa do día seguinte, pon unha lavadora, revisa que estean feitos os deberes dos tres, e prepara a cea, para que cando volva Alberto de ver o partido cos amigos, poidan cear os cinco xuntos.

Maricarmen, Cristina, Laura, Elvira e Begoña non se van enterar de que hai un 8 de marzo, nin sairán en ningunha reportaxe con tal motivo, aínda que sexan elas as que o tinguen de violeta. A vida non para.

Vanesa de Quinzán

DIANA FEIJÓO, SALACADULA SHOP

“O mellor consello para ser emprendedora é crer en ti e pelexar polo que che gusta ata o final”

Ao entrar en Salacadula abundan sensacións e adxectivos como a tranquilidade, simplicidade, orixinalidade e ilusión. Isto último transmíteo a súa responsable, Diana Feijóo, que a pesares de estar embarazada de sete meses non perde as ganas de actualizarse e coidar, o que para ela son como os seus fillos, a tenda física e en liña. O empredenmento e empoderamento non paran nunca.

- Abriches a tenda por conciliación familiar.

- Diana Feijóo (D.F): A min sempre me gustaron moito os regalos e os xoguetes dos cativos, eu viña de traballar nun supermercado, e ese horario, en canto me quedei embarazada non me permitía facerme cargo da nena. Entón, logo de moito pensalo, decidín pedir un préstamo e arriscarme a abrir esta tenda, porque así polo menos a nena criábase aquí comigo. Cando inaugurei o establecemento a miña cativa tiña oito meses e foi crecendo neste baixo, a clientela viña mercar e podía verme dándolle a merenda encima do mostrador ou xogando con ela encima dunha alfombra. A miña idea ao poñer este negocio non era vivir para traballar, quero gozar da miña filla. Se ten unha función na escola, podo pechar e ir a vela; se se pon maliña eu cerro e vou por ela. O que busco é que me dea para gastos, me guste o que fago e me permita estar con ela. Esa liberdade de poder flexibilizar o meu traballo para compaxinalo coa miña vida persoal non ten prezo.

Diana Feijóo nun dos seus rincóns favoritos da tenda, Salacadula Shop.

- Como se compaxina atender un negocio con ter unha cativa e outra en camiño?

- (D. F): Pois é un non parar nin un só minuto. Dende as oito da mañá que me levanto ata as dez e media da noite non descanso nin un só segundo. Ademais, a miña parella é autónoma e traballa fóra polo que non volve ata a noite polo que estou eu soa para todo. Iso si, de tres e media a cinco é o meu ratiño para ela e é sagrado. Tamén teño sorte de que, polas tardes, quedan con ela unhas tías do meu home con ela porque agora necesita xa unha atención que na tenda eu non lle podo dar. Ademais, pecho os luns todo o día e iso permíteme organizar toda a semana e ir ao médico ou facer calquera outra xestión.

- Es unha emprendedora que intenta estar continuamente actualizándose para ofrecer novos produtos na túa tenda e tes novidades, non é así?

- (D.F): Así é, gústame o tema de personalizar. O que pase é que nos mundos dos bebés xa está todo un pouco saturado, entón, quero empezar a personalizar cousas en madeira. Isto dame un amplo abano de posibilidades, dende bebés ata adultos, se eu fago os deseños e logo na casa póñoo na madeira, iso paréceme que é darlle moita personalidade e orixinalidade aos agasallos. Tamén quería empezar a meterme cada vez máis en produtos para adulto porque é o que máis me está empezando a demandar a clientela. É certo que montei o comercio tirando moito para puericultura e dende o primeiro día, a idea foi cambiando porque desfruto moito máis coa parte dos regalos e dos contos, pero iso non significa que vaia deixar de ter a parte dos bebés. Teño ganas de chegar a personalizar cousas, quero facer unha venda emocional, conseguir que a persoa agasallada sinta que dedicaches tempo nela e que lle acabas de dar algo único e exclusivo para el ou ela. Que non fai falta que sexa un detalle carísimo, simplemente é transmitir ese sentimento especial que ti tes por esa persoa.

- O día no que estamos facendo a entrevista, dáse a casualidade que é o día do 184 nacemento de Rosalía de Castro, hai demanda de libros en galego e escritos por mulleres?

- (D.F): Totalmente, sobre todo escritos en galego, vendo un 80% máis de libros en galego que en castelán. Antes de traelos intento lelos todos porque quero aconsellar ben a cada persoa que vén por un libro para que leve o axeitado segundo a súa personalidade ou o que lle gusta. Unha parte que eu tiña clara antes de poñer o establecemento en marcha era facer contacontos cada quince días ou un mes, que pasa, contratar unha persoa para que veña ler aquí os libros é carísimo, pódeche custar entre 150 e 300 euros unha hora. Canseime de chamar a editoriais para que algún autor ou autora viñera á tenda para presentar a súa obra pero é moi complicado. A emoción dos nenos e nenas escoitando os libros é marabillosa. É probable que o sinta así tamén porque coa miña cativa a lectura provoca moitos dos nosos momentos de complicidade. Para min é fundamental vender momentos en familia, ao final todos andamos con moita présa pero dedicarlle uns minutos ao teu fillo ou filla para xogar con el e do que logo se vai lembrar sempre. Nós acordámonos da xente por momentos non por obxectos.

- O produto que máis orgullosa estás de ter na tenda?

- (D. F): Ui, iso é como preguntarlle a un neno se quere máis a papá ou a mamá. É que todos os produtos e todas as casas teñen un por que, un motivo polo que decidín que eran os axeitados para estar na tenda. Por poñerche algún exemplo, os xoguetes de madeira encántanme, de feito, actualmente non teño ningún que leve pilas. De feito, a marca ‘Plantoys’ utiliza a cortiza das árbores para fabricar os xoguetes, é unha maneira de usar algo que no sector da madeira se tira par facer un novo artigo. Despois, as caixas están feitas con tinta vexetal de soia para non ser tóxicos. Teño tamén un xogo de lousas con xices que se poden meter na boca e que non soltan po, é un regalo moi orixinal e cómodo. Está todo moi pensado e non son xoguetes caros, son de 16 ou 17 euros.

- A xente aposta polo comercio local?

- (D. F): Si, sempre o digo, cando abrín a tenda moita xente me dicía que non ía durar dous días porque é un concepto moi diferente ao que había. Pero é que eu tiña que facelo, era unha espiña que precisaba sacar e se saía mal non pasaba nada pero necesitaba intentalo. Ei dicir que estou moi contenta porque teño clientela fixa dende o primeiro día, teño mamás que viñeron a comprar ao principio e agora saben a miña vida e eu a delas, é que ao final, intento que ti entres e teñas a liberdade de mirar todo o que queiras. A xente respondeume e eu noteino, especialmente, o ano pasado no peor momento da pandemia. Chegou o confinamento e non sabía o que ía pasar, e internet salvoume totalmente eses tres meses.

- Este Cerne vai ir moi dedicado ás mulleres, e en concreto a vós, ás mulleres emprendedoras. Que lle dirías a unha futura emprendedora?

- (D. F): Buf, é duro como muller. É moi triste dicilo pero como muller é máis duro montar un negocio e creo que é porque temos máis cargas, moitas veces cargas que nolas autoimpoñemos nós, pero témolas. Conciliar é moi difícil porque, eu por exemplo, esíxome moito como nai porque decidín selo porque quero e iso é unha carga a maiores que é a túa prioridade. Dende que abrín é certo que estivo habendo moitas axudas e hai que aproveitalas. O peor é o día a día, porque levántaste pola mañá e es mamá a tempo completo e logo tes a tenda que é como outro fillo e a web un máis. En definitiva, o consello: cre en ti. Sei que soa moi a tópico pero é que se ti queres algo pelexa por el, se sae mal cae non pasa nada, chora,... Tes que facelo para despois tirar para adiante e acábalo facendo porque es muller e sempre rematas levantándote.

Salacadula Shop
Tlf: 881 81 94 95
Avda. de Amércica, 3
(Melide)

A pesar de las recientes restricciones en el **INSTITUTO DE LA SORDERA**, le atendemos exactamente igual que hasta ahora,
CUMPLIENDO CON TODAS LAS MEDIDAS DE SEGURIDAD EXIGIDAS POR LAS AUTORIDADES SANITARIAS.

REVISIÓN GRATIS AUDITIVA

Campaña 2021

Instituto de la Sordera

Audífonos pequeños y discretos
pruébelos en su casa
UN MES SIN COMPROMISO.

La más avanzada tecnología, NUESTRA ALIADA.

Los audífonos actuales se adaptan a las necesidades de cada persona, son cómodos, efectivos y discretos, prácticamente invisibles, solo usted sabrá que los usa.

Tecnología recargable, se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición

LE PERMITIRÁN

- **Seguir las conversaciones con normalidad, sin necesidad de que le repitan las palabras.**
- **Podrá volver hablar por teléfono sin dificultad y comunicarse mejor con las personas de su entorno.**
- **Disfrutar de sus películas y programas favoritos de la televisión.**
- **Los nuevos audífonos le permiten escuchar sin esfuerzo, se encontrará más animado.**
- **Aumentarán su seguridad cuando se desplace por la calle, con la familia, los amigos o al conducir.**

Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Reserve cita

648 75 47 61
981 50 72 87

Ronda da Coruña 34, Bajo. 15800 **MELIDE**

Garantía de Prestación Sanitaria. Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359